

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

*ANUNCIO do 13 de novembro de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de alarga e mellora da PO-230, punto quilométrico 12+630-14+430, clave PO/16/109.10, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.*

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto de construción de alarga e mellora da PO-230, p.q. 12+630-14+430, clave PO/16/109.10, que ten por obxecto actuar na estrada de titularidade autonómica PO-230, que discorre no termo municipal de Cerdedo.

As obras expostas neste proxecto perseguen mellorar a seguranza viaria e a calidade de vida dos cidadáns, cun importante efecto positivo sobre o medio socioeconómico e humano, todo isto debido a que a estrada PO-230 discorre a media encosta, con pendentes elevadas no inicio do treito e pendentes suaves ao final do treito de estudo.

As obras previstas comprenden tamén as seguintes actuacións:

- Aumento da calzada ata unha plataforma de 7 metros e mellora do firme.
- Mellora, limpeza e adecuación da drenaxe.
- Proxéctanse catro muros de cachotaría.
- Reposición de toda a sinalización horizontal e vertical.
- Reposición das barreiras de seguranza flexibles e instalación do sistema de protección de motociclistas.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

**RESOLVO:**

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción sométese ao trámite de infor-

CVE-DOG: 2q6x8ne0-zmb8-lgt7-hwp4-6zwmgsdtyso5



mación pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado da estrada.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (r/ Fernández Ladreda, 43-1º-4º, 36071 Pontevedra) e na Casa do Concello de Cerdedo (praza do Concello, 1, 36130 Cerdedo, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda ([http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV\\_Axencia\\_Galega\\_de\\_Infraestruturas](http://civ.xunta.gal/seccion-organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas)), atópase á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017

Francisco Menéndez Iglesias  
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

## ANEXO

### **Relación de bens, dereitos e propietarios afectados Proxecto de construción de alarga e mellora da estrada PO-230, p.q. 12+630-14+430, clave PO/16/109.10**

Concello de Cerdedo.

Terreos que se van expropiar.

| Número predio | Referencia catastral | Propietario                 | Tipo de solo | Uso     | Sup. exprop. (m²) | Sup. total parcela (m²) |
|---------------|----------------------|-----------------------------|--------------|---------|-------------------|-------------------------|
| 1             | 36011A01400629       | Barros García, Generosa     | Rústico      | Agrario | 47,28             | 2.605,00                |
| 2             | 36011A01400640       | Garrido Iglesias, Francisco | Rústico      | Agrario | 23,09             | 913,00                  |
| 6             | 36011A01500576       | Fortes Garrido, Adelaida    | Rústico      | Agrario | 167,13            | 472,00                  |
| 9             | 36011A01500580       | Fernández García, José      | Rústico      | Agrario | 19,12             | 418,00                  |

CVE-DOG: 2q6x8ne0-zmb8-lgt7-hwp4-6zwmgsdtyso5



| Número predio | Referencia catastral | Propietario            | Tipo de solo | Uso     | Sup. exprop. (m <sup>2</sup> ) | Sup. total parcela (m <sup>2</sup> ) |
|---------------|----------------------|------------------------|--------------|---------|--------------------------------|--------------------------------------|
| 13            | 36011A01500600       | Descoñecido            | Rústico      | Agrario | 2.133,30                       | 6.526,00                             |
| 14            | 36011A01500616       | Descoñecido            | Rústico      | Agrario | 102,19                         | 711,00                               |
| 18            | 36011A01500627       | Descoñecido            | Rústico      | Agrario | 326,73                         | 1.282,00                             |
| 19            | 36011A01500628       | Descoñecido            | Rústico      | Agrario | 281,97                         | 1.087,00                             |
| 20            | 36011A01500629       | Fernández García, José | Rústico      | Agrario | 175,89                         | 15.579,00                            |
| 21            | 36011A00900089       | Fernández García, José | Rústico      | Agrario | 441,12                         | 479,00                               |

**Terreos cedidos.**

| Número predio | Referencia catastral | Propietario                              | Tipo de solo | Uso     | Sup. exprop. (m <sup>2</sup> ) | Sup. total parcela (m <sup>2</sup> ) |
|---------------|----------------------|------------------------------------------|--------------|---------|--------------------------------|--------------------------------------|
| 3             | 36011A01409002       | Concello de Cerdedo                      | Rústico      | Agrario | 102,48                         | 55.348,00                            |
| 4             | 36011A01400642       | Concello de Cerdedo                      | Rústico      | Agrario | 102,47                         | 355,00                               |
| 5             | 36011A01500577       | Concello de Cerdedo                      | Rústico      | Agrario | 272,84                         | 3.268,00                             |
| 7             | 36011A01500578       | Fraguas Paz, Maximino                    | Rústico      | Agrario | 31,53                          | 550,00                               |
| 8             | 36011A01500579       | Fraguas Paz, José                        | Rústico      | Agrario | 18,44                          | 460,00                               |
| 10            | 36011A01500582       | Fraguas Paz, Maximino                    | Rústico      | Agrario | 92,60                          | 2.107,00                             |
| 11            | 36011A01500583       | Fraguas Paz, José                        | Rústico      | Agrario | 33,72                          | 1.695,00                             |
| 12            | 36011A01500584       | Concello de Cerdedo                      | Rústico      | Agrario | 327,27                         | 4.536,00                             |
| 15            | 36011A01500618       | Sieiro Souto, María Alicia               | Rústico      | Agrario | 1.392,31                       | 3.441,00                             |
| 16            | 36011A01500619       | Valiñas Torres, Francisco (herdeiros de) | Rústico      | Agrario | 91,78                          | 4.840,00                             |
| 17            | 36011A01500626       | Camba Iglesias, David                    | Rústico      | Agrario | 136,16                         | 1.227,00                             |
| 22            | 36011A00900088       | García Sieiro, Campio                    | Rústico      | Agrario | 407,51                         | 7.619,00                             |
| 23            | 36011A00900086       | García Sieiro, Manuel                    | Rústico      | Agrario | 123,65                         | 6.141,00                             |
| 24            | 36011A01500630       | Ogando Cruceiro, Francisco               | Rústico      | Agrario | 960,26                         | 5.473,00                             |
| 25            | 36011A00900080       | Sieiro Souto, José                       | Rústico      | Agrario | 85,73                          | 821,00                               |
| 26            | 36011A01500672       | Veciños de Vichocuntín                   | Rústico      | Agrario | 1.619,73                       | 94.332,00                            |

